

O PP critica que estes 1.000 días de mandato só evidenciaron o desgobierno e falta de proxecto do PSOE para Caldas de Reis

- Fernando Pérez critica un “des-Gobierno sen orzamentos, sen ideas, esgotado e cun equipo totalmente dividido, descoñécese quen toma as decisións e cantos grupos distintos hai dentro do PSOE local”.
- “O único positivo é que tan só faltan 433 días para pechar este ciclo desastroso e poñer ao noso concello nun camiño novo”, engade.

11, marzo, 22.- Como dixemos na campaña das últimas eleccións municipais de 2019, un novo goberno municipal do PSOE co apoio, coma sempre, do BNG, só significaría outra oportunidade mais perdida para que Caldas de Reis avance, e agora, tras cumprirse os 1.000 días o temos confirmado, ningún tema importante para o noso Concello ten avanzado nin un só milímetro, as empresas non se poden instalar no noso Pobo porque seguimos sen un só metro cadrado de solo industrial desenrolado (debemos ser o único Pobo de Galicia), as que están instaladas o fixeron xogándose o seu patrimonio posto que están asentadas en só non desenrolado pese as promesas dadas; seguimos nun Concello onde continuamos perdendo poboación, onde os impostos municipais, especialmente o IBI, son dos máis altos da provincia (concretamente no IBI temos o 5º tipo impositivo mais alto), seguimos sen dispor do Plan Especial de Protección do Casco Antigo (algo esixido no PXOM e fundamental para que se activen os inmobles do noso casco vello), son incapaces de aprobar uns orzamentos, seguimos sen ceder os terreos o Sergas para a construción do, xa comprometido pola Xunta e tan necesario, novo Centro de Saúde, seguimos tendo moitos núcleos sen saneamento, etc. etc., a lista e tan longa.

Desta situación, coma sempre, tamén e responsable o BNG que quere ser goberno e oposición, que votou a favor dos únicos orzamentos que se aprobaron nesta lexislatura e o día seguinte acusaba o equipo de goberno de non ser de fiar, e incluso se permitía responsabilizarnos a nós, que non vota-

mos a favor de ningún orzamento e que nunca negociamos nada con este equipo de goberno porque nunca nos chamaron, pero isto é o de sempre, cando se aproximen as eleccións tornarán a criticalos e facer oposición, e cando pasen as eleccións apoiarannos, sempre sen mirar polos intereses dos caldenses, só por intereses de partido.

Pero neste mandato tamén estamos a ver que se trata do remate dun ciclo, o Alcalde dixo que as pasadas eran as últimas eleccións ás que se presentaba, e estase a notar, non acadamos a saber realmente quen toma as decisións, cantos grupos distintos existen dentro do equipo de Des-Goberno, cada un actúa polo seu lado, deixando claro que a disputa pola sucesión xa comezou.

Menos mal que tan só faltan 433 días para que todo remate, para poñer fin a unha lexislatura para esquecer, catro anos de novo perdidos, porque dentro de 433 días os, e as, caldenses van a permitir co seu voto, a apertura dun novo ciclo, dun novo goberno que governe, que poña a Caldas de Reis nun “Novo Camiño”, para poder comprobar que se pode gobernar de outra maneira, con traballo, con compromiso, con ideas.